



## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Praza V. Portomefe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Teléf.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52  
E-mail: concello@concellocarballedo.es

**DON JULIO MANUEL YEBRA PIMENTEL BLANCO, ALCALDE-  
PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLEDO (Lugo).**

### INFORMO:

Na aula CeMIT do Concello coa colaboración de AMTEGA e a Fundación Vodafone España, vaise levar a cabo a **2ª edición** da iniciativa formativa:

- **APRENDE A USAR O SMARTPHONE**  
***(Teléfonos móbiles táctiles intelixentes)***  
O mércores 21 de setembro comezará este curso orientado principalmente a introducir ás persoas maiores no uso básico destes dispositivos así como mostrarlles múltiples vantaxes e posibilidades. Ademais de chamar e recibir chamadas, con estes teléfonos poderán conectarse a Internet e comunicarse a través de aplicacións (WhatsApp, Facebook...) con familiares e amigos/as desde calquera sitio e lugar.  
**Haberá varios teléfonos táctiles para prestar ás persoas que non o teñan.**

Tamén se van levar a cabo os seguintes cursos nos meses de **outubro e novembro**:

- **INICIACIÓN A INFORMÁTICA E INTERNET:** Curso básico para aprender a manexar un ordenador: uso do rato e do teclado, búsqueda de información por Internet, creación dunha conta de correo e realización de trámites sinxelos.
- **PREPARACIÓN DOS EXAMES PARA A OBTENCIÓN DO CODIX:** No mes de novembro vanse convocar os probas de avaliación de carácter libre para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática (CODIX).

Para anotarse nas actividades é necesario pasar pola Aula CeMIT do Concello ou chamar o **982 46 62 01** e falar con Silvia.

Carballedo, a 12 de setembro de 2016.

